

**FONDO SOLIDARIO DE LIBROS DE TEXTO E AXUDAS PARA ADQUIRIR MATERIAL CURSO 23/24
(Puntos de Interese Orde 10 de maio 2023, DOG N°94)****PRAZO PRESENTAR SOLICITUDES****Do 20 de maio ata o 21 xuño (este incluído) (art. 10)****QUEN TEN QUE PRESENTAR A SOLICITUDE (art.9)**

Poderán presentala pais, nais, titores ou representantes legais do alumnado matriculado en ESO, e será única para todos os fillos e, de ser o caso, tutelados que estean admitidos no mesmo centro docente para o curso 2023/24. Caso empregarse aplicación "fondolibros", será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno aínda que estean no mesmo centro.

FORMA DE PRESENTACIÓN (art 9)

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica nos formularios normalizados (**ED330B-anexos I e II**) accesible desde a sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal> (poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede, incluíndo sistema usuario e clave Chave365). Opcionalmente, poderanse presentar as solicitudes presencialmente nos centros docentes ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común

DOCUMENTACIÓN (art 11)

- Solicitude [Código procedemento ED330B] (Anexo I), xunto co Anexo II (comprobación de datos dos membros computables da unidade familiar)

- Copia do libro de familia ou equivalente onde figuren todos os membros computables, no caso de non telo ou este non reflecta a situación a **31 de decembro de 2021**, poderán acreditar o número de membros utilizando, entre outros, algún dos seguintes medios:

*Sentenza xudicial de separación ou divorcio ou, de ser o caso, convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor

* Certificado ou volante de convivencia

* Informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia.

-De ser o caso: Certificado de discapacidade do/a alumno/a ou calquera membro da familia / Documentación xustificativa da situación de violencia de xénero no ámbito familiar /outra documentación indicada no art. **11.1 Orde 10 de maio 2023**.

A documentación complementaria da solicitude presentarase preferiblemente por vía electrónica. Opcionalmente poderá ser presencialmente no centro docente ou en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

COMPROBACIÓN DE DATOS (art.12)

Consultaranse automaticamente (agás que se opoñan a súa consulta): DNI o NIE solicitante/representante e do resto dos membros computables da unidade familiar así como outros datos cando o interesado faga constar a correspondente circunstancia (discapacidade, pensión incapacidade), e solicitarase o consentimento expreso para consultar a **declaración do IRPF** ou, na súa falta, o certificado tributario de imputacións **no exercicio 2021** da persoa solicitante e do resto dos membros computables da unidade familiar, de ser o caso. Estas e outras formas de consulta, recóllense no art. 12 da Orde 10 maio 2023.

ASIGNACIÓN LIBROS (art.2)

Ao alumnado que participe no fondo solidario, por orde inversa á renda per cápita da unidade familiar, ata que se esgoten as existencias. Esgotados os libros dispoñibles no fondo solidario, o centro docente adquirirá os libros de texto complementarios que sexan necesarios para garantir:

- Ao alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €: **seis (6) libros de texto**.
- Ao alumnado con renda per cápita familiar superior 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €: **catro (4) libros de texto**
- Ao alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ao 65%: seis (6) libros con independencia da renda

AXUDA PARA ADQUIRIR MATERIAL ESCOLAR (art. 2)

A contía da axuda será de **75 €** para aquel alumnado con renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 €, e de **60 €** para aqueles con renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 €.